



Suxestións á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade na liña informar correctamente ás persoas usuarias do transporte público de Galicia dos cambios nos horarios e rutas así como avaliar o mantemento no verán da ruta por autopista Santiago-Coruña de primeira hora

Expediente: L.4.Q/7121/21

Santiago de Compostela, 3 de setembro

Sra Conselleira

Nesta institución iniciouse expediente de queixa como consecuencia do escrito de [REDACTED] referente á eliminación dun servizo de bus entre Santiago de Compostela e A Coruña

ANTECEDENTES

Na queixa esencialmente indicabamos que o motivo da mesma era *“que desde el 15 de junio se ha retirado el autobús que salía de Santiago en dirección a Coruña por autopista a las 6:45h. Llegaba a Coruña las 7:40 con lo cual los que trabajamos en Coruña y vivimos en Santiago podíamos llegar al trabajo en hora. Hay trabajadores de hospitales, juzgados, Xunta y empresas privadas.*

Desde el 15 de Junio sin previo aviso y con el único aviso del conductor el día 14 se nos retira ese autobús y se nos dice que vayamos a las 6:30 por carretera que llegamos tarde al trabajo por que llegamos a las 8 a Coruña y más tarde a nuestros respectivos trabajos.

Rogaría que se restablezca lo antes posible ese autobús- En verano también se trabaja en España.

El 15 de junio puso una reclamación a Mobilidade Xunta Coruña”

Ante iso requirimos, como vostede sabe, información á Consellería de Mobilidade en datas de 22/07 e 26/08. Finalmente, o día 30/08 recibimos Informe da Consellería. No informe achegado pola Administración autonómica sinalase o seguinte:

“Os servizos referidos no escrito forman parte do contrato XG817 Eixo atlántico e conexións con Lugo, Lalín e Fisterra con anexos que entrou en vigor en decembro de 2020 (...).

En concreto a expedición sinalada é a XG81700801002, que pertence á ruta A Coruña (por Materno)- Santiago con saída ás 06:45 h desde Santiago e chegada aproximada á Coruña ás 07:55 h.

A ausencia deste servizo desde mediados do mes de xuño (...) débese a que se atopa definido na temporada laboral de inverno e, polo tanto, a súa prestación interrómpeuse durante a temporada laboral de verán que dura ata o 15 de setembro. Neste sentido é preciso lembrar que o servizo volverá desenvolverse con normalidade desde a última quincena de setembro.

As modificacións como a indicada explícanse pola necesidade de que a oferta de servizos do transporte público se adapte ás distintas temporadas laborais e lectivas que mudan as necesidades de desprazamentos ao longo do ano. Neste sentido compre sinalar que estudantes e persoas taballadoras son colectivos que empregan o autobús con recorrencia en franxas horarias concretas o que permite planificar este tipo de axustes.

No caso concreto das expedicións que conectan Santiago e A Coruña á primeira hora da mañá durante o verán, o cambio nos horarios laborais dunha parte das persoas usuarias recorrentes dos servizos motiva a adaptación da oferta de transporte público desta franxa horaria na época estival, coa finalidade de que se manteña axustada coa maior precisión posible ás circunstancias da demanda existente nesta temporada no ámbito territorial que abrangue o contrato.

Deste xeito de xuño a setembro os desprazamentos desde Santiago de Compostela á Coruña na hroa sinalada están atendidos pola expedición XG81706201013 que pertence á ruta A Coruña-Ordes-Santiago con saída ás 06:30 e chegada aproximada á Coruña ás 07:55. O feito de que a hora de chegada á Coruña se manteña á mesma hora que o servizo que atende a temporada laboral de inverno minimiza o impacto dos cambios para as persoas usuarias que precisan manter os seus horarios habituais.

Para atender a presente reclamación esta Dirección Xeral de mobilidade analizou a demanda existente no verán na franxa horaria indicada coa finalidade de valorar algunha modificación na oferta de servixos, de ser necesario.

Non obstante non se observa unha demanda que xustifique, por motivos d einterese xeral, o mantemento nos meses de verán de dúas expedicións coa mesma orixe, destino e hora de chegada á Coruña, tendo en conta que os periodos de vacacións e o cambio das necesidades

horarias dunha parte das persoas usuarias recorrentes provocan unha redución significativa no número de viaxeiros.

Con todo, cómpre sinalar que nesta Consellería seguimos a traballar coa finalidade de introducir todas as melloras que resulten posibles no transporte público, cara a atender as novas necesidades que poideran xurdir para prestar un mellor servizo ao conxunto da cidadanía. Polo tanto, de variar as circunstancias descritas, poderá valorarse de novo algunha adaptación á oferta (...).”

ANÁLISE

Á vista do contido do escrito de queixa, da documentación achegada pola persoa que promoveu este expediente e do que se manifesta no informe da Consellería que vostede dirixe, cómpre facer as seguintes consideracións:

- 1) Tanto o contido da queixa formulada como do propio Informe da Consellería de Mobilidade e Infraestructuras coinciden no feito de que se reduce o número de servizos de viaxeiros que une Santiago de Compostela coa Coruña ao chegar o verán. Segun nos indica o Informe da Consellería, a redución do número de persoas viaxeiras recorrentes, polos cambios horarios e pola finalización do curso escolar, motivan unha importante redución da demanda o que leva á Administración a axustar a oferta
- 2) Os cambios nas liñas abranguen, según o que se recolle no Informe da Consellería, a “temporada laboral de verán”, isto é, **do 15 de xuño ao 15 de setembro**. Xa que logo, cómpre salientar que o día 15 de setembro recueperaráanse as liñas existentes previamente nos horarios que tiñan durante o inverno.
- 3) No caso da liña concreta de primeira hora da mañá, de dúas expedicións mantense unha, a que fai a viaxe “por carretera” en lugar de utilizar a AP9, entendemos que para dar servizo ás persoas viaxeiras de Ordes e a súa contorna. A hora de saída do autobús é de quince minutos antes (saída ñas 06:30 horas) que o que viaxa pola AP9 en temporada de inverno (saída ás 06:45 horas) e a hora de chegada aproximada - segun informe da Consellería de Mobilidade- é a mesma (07:55 horas). A usuaria que presenta a queixa indica que o autobús chega ás 07:45 horas. Na páxina web da empresa concesionaria, Monbus, indícase que os viaxes pola carretera duran 1 hora e 20 minutos e pola AP9 a duración é de unha hora.

- 4) No Informe da Consellería de Mobilidade e Infraestructuras sinalase que o autobús das 06:45 horas que viaxa pola AP9 en inverno trátase da expedición *XG81700801002, que pertence á ruta A Coruña (por Materno)- Santiago*. Mentras o actualmente en funcionamento trátase da *expedición XG81706201013 que pertence á ruta A Coruña-Ordes-Santiago*. Como se aprecia pola propia denominación das rutas, o “autobús do inverno” fai a súa entrada á cidade pola Carretera das Xubias, facilitando a parada ás persoas que traballan nos centros sanitarios dependentes do Complexo Hospitalario Universitario da Coruña: Materno Infantil, Chuac e Hospital de Oza. Pola contra, o autobús que fai a ruta pola carretera entra na cidade a través da Avenida de Alfonso Molina facendo paradas á altura de Matogrande -Edificio Proa da Xunta de Galicia- e fronte a distintos equipamentos comerciais.
- 5) En contacto telefónico mantido o día 3 de setembro confírmase nos -por parte da propia interesada- que o autobús de verán cambiou a súa ruta de entrada na cidade da Coruña para acceder a través da Carretera das Xubias, mantendo as paradas diante dos centros hospitalarios. Este feito beneficia ás persoas que traballan nos servizos sanitarios pero perxudican a quenes facían uso das paradas da Avenida Alfonso Molina, retrasando de xeito considerable a súa chegada a destino.
- 6) O autobús que se mantén no verán vai pola carretera e fai, no seu traxecto ata A Coruña, as seguintes paradas desde a Intermodal: Estación autobuses antiga – Salgueiriños – A Xionlla – Enfesta – Sigüeiro (dúas paradas)- Oroso – Os Carballos – Oroso “pequeno” – Montaos – Guindiboo – Ordes – Merelle – Leira – Mesón do Vento – O Canedo – Herves - Punta Lago – Carral – Esperón – A Rocha – Sigrás – Alvedro – Vilaboa – Portádego – Materno Infantil – Servisa (fronte ao CHUAC)- Casa del Mar- Praza de Ourense – Entrexardíns – Estación de Autobuses da Coruña. En resumo, unhas 25 paradas antes de chegar á cidade da Coruña.
- 7) Según figura na queixa presentada pola █████ os cambios non se anunciaron previamente e foi o día 14 de xuño “con el único aviso del conductor que al día siguiente se nos retiraba ese autobús”. Cómpre sinalar que, a día de hoxe, na páxina web da empresa concesionaria, Monbus, non figura ningún autobús “por autopista” no horario 06:45 h previsto para despois do día 15 de setembro – data na que se reincorporará o servizo segun figura no Informe da Consellería- nin siquiera despois do 1 de outubro. Como é obvio este feito xenera inseguridade e dúbidas nas persoas usuarias do servizo e impide mercar o billete con antelación.
- 8) Promover unha mobilidade sustentable, garantir un bó servizo ao conxunto da cidadanía e facilitar a utilización do transporte público, contribuíndo á redución das emisións de gases contaminantes forman parte dos compromisos enunciados pola

Consellería de Mobilidade e recollidos na presentación do Plan de Transporte Público de Galicia. De feito, tanto no propio Informe como en conversación mantida co Subdirector Xeral de Mobilidade, expresouse a vontade da Consellería de mellorar os servizos de transporte público naqueles extremos que beneficiasen á maioría de persoas usuarias y incrementasen a utilización do mesmo por parte dos galegos e das galegas

CONCLUSIÓN

Por todo o sinalado ata agora considerase necesario, en aplicación do disposto no artigo 32.1 da Lei 6/1984, do 5 de xuño, do Valedor do Pobo, facer chegar a esa Consellería as seguintes **suxestións**:

- Informar, ás persoas usuarias do transporte público destas liñas, de que a partir do 15 de setembro reporase o servizo das 06:45 horas a través da AP9 entre Santiago de Compostela e A Coruña
- Avaliar a posibilidade de, cara ao verán do ano 2022, manter a liña pola AP9 no horario indicado, adiantar a saída ou minorar o número de paradas intermedias para permitir a chegada en hora aos turnos de traballo ás persoas usuarias.

Agradézolle de antemán a acollida ao manifestado nesta resolución do Valedor do Pobo, e recórdolle a necesidade de que no prazo dun mes (art. 32.2), dea conta a esta Institución da aceptación da recomendación formulada, de ser o caso, e das medidas adoptadas para darlle efectividade, tamén se é o caso.

Ademais, facémolle saber que, en aplicación do principio de transparencia, a partir da semana seguinte á data na que se ditou a presente resolución, esta incluírase na páxina web da institución.

Debo lembrarlle tamén que, ao abeiro da lei reguladora desta institución, o seu artigo 33 prevé que, se formuladas as súas recomendacións, non obtivese resposta ou, nun prazo razoable, non se producise unha medida adecuada ao suxerido, o Valedor do Pobo poderá poñer os antecedentes do escrito e as recomendacións efectuadas en coñecemento do conselleiro do departamento afectado ou da máxima autoridade da Administración Pública galega.

Se tampouco obtivese unha xustificación adecuada, incluírá tal asunto no seu informe anual ou especial con mención dos nomes das autoridades ou funcionarios que persistan naquela actitude, especialmente nos casos en que, considerando o Valedor do Pobo que era posible unha solución positiva, esta non se conseguise.

O principio de publicidade das resolucións desta institución refórzase no artigo 37 da Lei 6/1984, cando prevé que o Valedor do Pobo, no seu informe anual ao Parlamento de Galicia, dará conta do número e tipos de queixa presentadas; daquelas que foron rexeitadas e as súas causas, así como das que foron obxecto de investigación e o seu resultado, con especificación das suxestións ou recomendacións admitidas pola administración pública galega.

Saúdoo atentamente.

María Dolores Fernández Galiño
Valedora do Pobo